

A metalinguaxe da fraseoloxía vasca en coleccións e dicionarios¹

The Metalanguage of Basque Phraseology in Collections and Dictionaries

Zuriñe Sanz-Villar

Euskal Herriko Unibertsitatea (España)

ORCID: 0000-0002-2281-2574

zuriñe.sanz@ehu.eus

Resumo: Desde o século XVI e ata a actualidade, publicáronse numerosas coleccións e dicionarios fraseolóxicos que recollen diferentes tipos de unidades fraseolóxicas vascas. Neste artigo, descríbese unha selección das principais coleccións e dicionarios con unidades fraseolóxicas dos séculos XX e XXI co obxectivo de dar a coñecer a metalinguaxe (tanto a nivel denominativo como conceptual) da fraseoloxía vasca nas obras fraseográficas analizadas. Conclúese que nas oito obras analizadas do século XX a variación terminolóxica é considerable e que en ocasións se utilizou un mesmo termo para se referir a fenómenos lingüísticos diferentes. Ademais, en moitas obras mestúranse diferentes tipos de unidades fraseolóxicas aínda tratándose de obras exclusivamente paremiográficas ou de locucións. Nos dicionarios actuais non se observa a mesma tendencia canto á variación terminolóxica, pero debido, en parte, ás características dunha lingua aglutinante coma o euskera, o grao de harmonización é menor a nivel conceptual.

Palabras clave: lexicografía, fraseoloxía, metalinguaxe, euskera.

Abstract: *From the 16th century to the present day, numerous phraseological collections and dictionaries have been published containing different types of Basque phraseological units. This paper describes a selection of the main collections and dictionaries of the 20th and 21st centuries that contain phraseological units, in order to describe the metalanguage, both at a denominative and conceptual level, of Basque phraseology in the phraseological works analysed. It can be concluded that there is considerable terminological variation in the eight works of the 20th century, with the same term sometimes being used to refer to different linguistic phenomena.*

¹ Data de recepción: 07.11.2023. Data de aceptación: 02.05.2024.

Tradución feita por Joaquín García Domínguez.

Furthermore, different types of phraseological units are mixed in many works, even in those that are exclusively paremiographical or idiom dictionaries/collections. Contemporary dictionaries do not exhibit the same degree of terminological variation. However, the degree of harmonisation is lower at a conceptual level, in part due to the characteristics of an agglutinative language such as Basque.

Keywords: *lexicography, phraseology, metalanguage, Basque.*

1. Introducción

A primeira colección fraseolóxica de refráns vascos data do século XVI e desde entón e ata os nosos días publicáronse numerosas coleccións e dicionarios fraseolóxicos que recollen diferentes tipos de unidades fraseolóxicas. O obxectivo deste artigo é analizar a terminoloxía utilizada nas principais coleccións e dicionarios dos séculos XX e XXI que conteñen fraseoloxismos vascos co fin de contribuír á homoxeneización da metalinguaxe utilizada nas obras lexicográficas actuais. Para iso, resulta necesario analizar as denominacións que se utilizan en euskera para referirse á fraseoloxía como disciplina e ao obxecto de estudo desta disciplina, así como describir as características que se utilizan para definir os fraseoloxismos.

En primeiro lugar, preséntanse as principais investigacións realizadas en fraseoloxía vasca para observar como se caracteriza e delimita a fraseoloxía no devandito idioma e que termos se utilizan. En segundo lugar, co obxectivo de analizar a terminoloxía que o principal persoal fraseógrafo vasco utilizou nos séculos XX e XXI para referirse ás unidades pluriverbais nas súas obras, descríbense as obras fraseográficas vascas máis relevantes. En cada unha das seccións, cumpriu facer unha selección das obras para analizar debido aos límites dun artigo de tales características. No caso das obras do século XX, tívose en conta a accesibilidade das obras, as referencias de diversas autorías mais o grao de exhaustividade na teorización das unidades fraseolóxicas (UF). No caso das obras lexicográficas actuais, incluíuse o único dicionario fraseolóxico do euskera existente hoxe en día, o *Labayru Hiztegi Fraseologikoa*, así como tres dicionarios xerais de diferentes características: o multilingüe da Elhuyar Fundazioa, *Elhuyar Hiztegia*; o monolingüe da Euskaltzaindia (Real Academia da Lingua Vasca), *Euskaltzaindiaren Hiztegia*, e o tamén monolingüe *Egungo Euskararen Hiztegia* [Dicionario da Lingua Vasca Actual].

Na terceira sección, recóllense as catro obras paremiográficas principais do euskera do século XX (Azkue 1945, Intza 1974, Zavala 1985, Garate 1998), mentres que, na sección seguinte, descríbense as catro coleccións fundamentais e dicionarios de locucións vascas do século pasado (Zamarripa 1913, Azkue 1945, Izagirre 1981, Mokoroa 1990). En ambos os apartados, descríbense as obras correspondentes, facendo fincapé en catro aspectos da fraseoloxía: denominación, características, delimitación das diferentes UF e organización e microestrutura das entradas. Na quinta sección, descríbese o tratamento que recibe a fraseoloxía nas catro obras lexicográficas actuais previamente mencionadas. Por último, ofrécese, a modo de conclusión, unha panorámica xeral da metalinguaxe utilizada nas obras descritas nas anteriores seccións e reflexiónase sobre o grao de harmonización ao que se conseguiu chegar nos dicionarios actuais.

2. Denominacións e clasificacións da fraseoloxía e das unidades fraseolóxicas

Segundo indican Burger *et al.* (2007: 1) no manual de investigación en fraseoloxía, desde que a investigación fraseolóxica empezou a constituírse fóra da antiga Unión Soviética houbo queixas sobre a falta de uniformidade terminolóxica no ámbito da fraseoloxía. Os editores do volume (Burger *et al.*, 2007) propuxeron o termo *fraseoloxía* como termo que abrangue tanto a fraseoloxía como a paremioloxía. Tal e como sinala Mellado (2004: 15), «[e]l término “Fraseología” ha sido adoptado en la mayoría de las lenguas europeas, con excepción del ámbito anglosajón, donde más usual es “idiomatic” (cfr. idiom)». Así mesmo, para denominar o obxecto de estudo da fraseoloxía, utilizáronse numerosos termos ao longo da historia. Isto pódese observar na extensa lista de termos alemáns recollidos en Sanz-Villar (2015: 414–416). Os autores do mencionado manual (Burger *et al.* 2007: 3) propuxeron utilizar a palabra *Phrasem* en sentido estrito, é dicir, para facer referencia ás locucións e ás colocacións. Con todo, dentro dunha concepción máis ampla da fraseoloxía, propoñen varios termos (*formelhafte Sprache, formulaic language, feste Wortverbindungen, formelhafte Texte*).

A investigación fraseolóxica española tivo grande influencia sobre a investigación contemporánea da fraseoloxía vasca. A Euskaltzaindia organizou, en 1996, unhas xornadas dedicadas á paremioloxía e, en 2000, outras dedicadas á fraseoloxía vasca. Julia Sevilla, Gloria Corpas ou Alberto Zuluaga foron algunhas das persoas relatoras convidadas. Na publicación derivada das xornadas sobre fraseoloxía vasca, Kaltzakorta (2001) subliña a variedade terminolóxica que existía para referirse ás combinacións de palabras fixas, tanto en español (modismos, idiotismos, frases hechas, locuciones etc.) como en euskera (*esaera, esapide, erramolde, esakune, erranairu* etc.). Ante esta variedade, o autor decide utilizar os termos *unidade fraseolóxica* e *fraseoloxismo* para se referir ás combinacións fixas de dúas ou de máis palabras, por ser os termos máis utilizados dentro da disciplina da fraseoloxía. Desbota termos como *dito, modismo* ou *xiro*, por non seren tan precisos (2001: 74). Tamén describe a clasificación das tres esferas (colocacións, locucións e enunciados fraseolóxicos) proposta por Corpas Pastor (1996) e incide na necesidade de diferenciar as locucións (*erramolde*, segundo a terminoloxía do autor) dos refráns (*atsotitzak*).

Altzibar (2004) tamén utiliza o termo *fraseoloxía* no seu artigo sobre as colocacións do euskera e engade que as palabras máis utilizadas en español para referirse ás combinacións fixas son *unidade/banako fraseologiko* (unidade fraseolóxica), *fraseoloxismo* ou *multzo egonkor* (conxuntos estables). Distingue as seguintes UF: *kolokazioak* (colocacións), *lokuzioak* e *modismoak* (locucións ou modismos), *hizketa formulak* (fórmulas rutineiras) e *paremiak* (paremias). Séguense, pois, a clasificación e a terminoloxía propostas por Corpas Pastor (1996). Así mesmo, baseándose na proposta de clasificación de colocacións de Corpas Pastor, Altzibar (2004) e Altzibar *et al.* (2011) propoñen unha clasificación provisional para as colocacións vascas, onde teñen en conta as peculiaridades

morfosintácticas do euskera. Dentro das colocacións con base adverbial, por exemplo, propoñen a categoría das colocacións formadas por onomatopeas en función adverbial e verbo (*tipi-tapa joan*, en castelán ‘ir a paso corto y ligero’).²

Desde o punto de vista do procesamento da linguaxe natural, cómpre destacar as teses doutorais de Urizar (2012), Gurrutxaga (2014) e Iñurrieta (2019). Tanto Urizar (2012: 55), Gurrutxaga (2014: 22) como Iñurrieta (2019: 16) utilizan o termo *unidade fraseolóxica* por ser o máis utilizado tanto a nivel nacional como internacional e os tres baséanse en Corpas Pastor (1996: 20) para caracterizalas. Os trazos que mencionan son os que se extraen da definición de Corpas Pastor (1996: 20), a saber: polilexicalidade, frecuencia, institucionalización, fixación e variación, idiomaticidade e gradación. Con relación á característica da polilexicalidade, Urizar inclúe no seu estudo locucións formadas tanto por unidades léxicas independentes como as formadas por un sufixo unido a un elemento que non forma parte da locución (*-tze aldera*, ‘a cambio de’ en castelán). Outra das características dunha lingua aglutinante coma o euskera é que hai unidades que noutras linguas constitúen UF formadas por máis de dúas palabras, mentres que en euskera están formadas por unha palabra (*aurrerantzean*, en castelán ‘en adelante’). Urizar (2012: 59) indica que na base de datos léxica identificáronse como palabras simples.

En Sanz-Villar (2015: 40) observamos que se mencionan as peculiaridades do euskera á hora de describir unha das principais características formais das UF: a polilexicalidade. Por unha banda, menciónase que hai palabras —como, por exemplo, *eskuz* (formada pola palabra *esku*, ‘mano’ e o sufixo *-z*)— que noutras linguas (como en español, ‘a mano’) forman unidades fraseolóxicas e que, a pesar de non cumprir co trazo de polilexicalidade, nalgúns dicionarios (como no dicionario bilingüe da Elhuyar que se mencionará máis adiante) se recollen como locucións. Esta característica non é exclusiva do euskera, senón que lles afecta a outras linguas aglutinantes, como, por exemplo, o coreano (Nam *et al.* 2016). Este autor, por exemplo, utilizou un enfoque baseado en morfemas para identificar *formulaic expressions* en coreano e, na súa investigación, no canto de utilizar o termo *lexical bundle* propuxo utilizar a denominación *morphemic bundle*.

Sarasola e Landa (2020) resaltan o avance da lexicografía vasca dos últimos dez/quince anos e destacan o labor de Euskaltzaindia, a Elhuyar Fundazioa e o Euskara Institutua da UPV/EHU. De cara ao futuro, propoñen a creación dun dicionario combinatorio para o euskera, xa que a descrición e a sistematización das casuísticas combinatorias sería unha grande achega á calidade da lingua (2020: 133). Os autores distinguen tres tipos de combinacións léxicas: locucións e modismos, colocacións e restricións léxicas.

² En Sanz-Villar (2020) extraéronse e analizáronse colocacións formadas por onomatopeas e verbos dun corpus de textos literarios traducidos do alemán ao euskera.

3. Coleccións e dicionarios paremiolóxicos

Nesta sección, descríbese unha selección de obras paremiográficas do euskera do século XX. Das principais coleccións de paremias do século XX (Garate 1998: 26), escolléronse as obras de Azkue (1945), de Intza (1974) e de Zavala (1985). En último lugar, incluíuse o dicionario do propio Garate (1998), polo volume da súa obra multilingüe e a exhaustiva descrición que fai das paremias.

3.1. Denominación das UF

Azkue dedicoulles dous capítulos aos fraseoloxismos no terceiro tomo da súa obra *Euskalerraren Yakintza. Literatura Popular del País Vasco*. O primeiro, aos proverbios (*atsotitzak*) e o segundo, aos modismos (*esakerak*). Neste apartado, profundaremos no precedente deles e, na seguinte sección, describiranse os modismos. Azkue (1945: 7) comezou o capítulo dedicado aos refráns aludindo á variedade terminolóxica. O autor indica que existían moitos termos para referirse a estas unidades: no dialecto biscaíño, utilizábase, por aquel entón, a palabra *esakune* e, anteriormente, *supita*. En guipuscoano e navarro, o termo máis utilizado era *esaera zaí*, aínda que tamén se utilizaban outros, como *eñanera zaí* ou *esanera*. Azkue, pola súa banda, optou polo termo proposto por Oihenart, o primeiro paremiólogo vasco (Garate 1998: 28): *atsotitz*.

Naparroa-ko euskal-esaera zarrak (1974) é unha colección de 2489 refráns de Navarra elaborada por Intza. Na breve introdución que antecede ás paremias, non achamos referencia ningunha á terminoloxía utilizada. Non ocorre o mesmo na obra de Zavala (1985), que contén, en total, 3133 refráns. Na introdución do libro encontramos unha breve reflexión sobre a terminoloxía utilizada. Segundo Zavala (1985: 8), a voz *esaera* ten dúas acepcións. A primeira correspóndese ao que en español se coñece como *modismo*, mais non inclúe as palabras desta tipoloxía na súa colección. Para se referir á segunda acepción, Zavala indica que en euskera existen moitos termos (*zaar-itz*, *zuhurhitz*, *atsotitz*, *errefrau* etc.) para denominar o que en español se coñece como *refrán*, sendo o máis común, polo menos en Guipúscoa, *esaera zaar*.

Garate estivo a recompilar refráns vascos nos casaríos das sete provincias durante case trinta anos. Iniciou ese labor no ano 1967 e o dicionario cuadrilingüe publicouse en 1998 por primeira vez, co título *27 173 Atsotitzak, refranes, proverbs, proverbialia*. Esta obra recolle 14 458 refráns vascos, 5208 españois, 4045 ingleses e 3462 latinos. Uns anos máis tarde, en 2003, publicouse unha segunda edición desta obra, a cal incluíu 30 466 refráns. Ademais, hoxe pódense consultar tamén na rede.³

O extenso prólogo da edición de 1998 conta con cinco seccións: prólogo e introdución, refráns vascos, refráns españois, refráns ingleses e refráns latinos. Na introdución, faise unha profunda reflexión sobre o tema e discútense varios aspectos interesantes: terminoloxía, clasificación, características estilísticas, tradución, didáctica etc.

³ <https://ametza.com/bbk/htdocs/hasiera.html>

Do mesmo xeito que Azkue, Garate menciona que existen numerosos termos en euskera para referirse aos refráns: «Supitak (...), esaera zaharrak, erran zaharrak, erran zuhurak, hitz zaharrak, hitz zuhurak, arrapuak, esalegeak, errapena, zahar hitz, zuhur hitz, errefrau» (Garate 1998: 17). No título da súa obra, Garate decidiu utilizar o termo *atsotitz*, pero na introdución desta, o autor usa diferentes termos sen que prevaleza ningún: *esaera zahar* (páxinas 20 e 21), *paremia* (páxina 26), *erran zuhur* (páxinas 29, 54 e 57), *erran zahar* (páxinas 52 e 55) ou *arrapu* (páxina 17).

Na Táboa 1 recóllese a metalinguaxe utilizada relativa ás UF nas obras paremiográficas analizadas, así como o total de refráns incluídos en cada unha delas.

Táboa 1. Metalinguaxe dos refráns nas obras analizadas e número total de refráns

	Denominación ES	Denominación EU	Outras denominacións	Total exemplos
Azkue (1945)	proverbio	atsotitz	esakune supita esaera zař eřanera zař esanera	2936
Intza (1974)		esaera (zar)		2489
Zavala (1985)	refrán	esaera zaar A palabra <i>esaera</i> pódese entender de dúas formas: como <i>modismo</i> ou como <i>refrán</i> .	zaar-itz, zuhur-hitza, atsotitz, errefrau. Denominación para as locucións: esateko moduak, modismo.	3133
Garate (1998)		atsotitz	esaera (zahar), paremia, erran zuhur, erran zahar, arrapu, errapen, errefrau, esalege, hitz zahar, hitz zuhur, supita, zahar hitz, zuhur hitz Denominacións para as locucións: erramolde, esamolde, idiom, proverbial phrases, Redensarten	27 173 (1998); 30 466 (2003)

3.2. Características das paremias

Azkue non fai referencia explícita aos criterios definitorios das paremias, pero indica que, en español, diferénciase entre *refrán*, *proverbio* e *adagio*, dependendo de se son festivos (refróns), doutriniais (proverbios) ou históricos (adagios). Secasí, en euskera, Azkue non fai esa distinción.

Segundo indica Intza na introdución da súa colección, recompilou «[g]ure erriaren esaera bizi ta burutsuak, gure aurrekoen jakinduriaz beteak», é dicir, define as paremias como ditos vivos e enxeñosos cheos da sabedoría dos nosos antepasados.

Garate é o que máis afonda nas características propias destas unidades. O autor define os refróns como ditos breves e reflexivos que o pobo extrae do seu día a día e que se utilizan en moldes fixos, pasan de xeración en xeración e transmiten algunha ensinanza (Garate 1998: 17). O autor tamén proporciona máis características típicas destas unidades, entre as que se encontran as seguintes:

- **Aliteración:** a miúdo, ocorre que os sons se repiten e crean así un efecto agradable. Garate (1998: 59) utiliza este exemplo: *Ezkontza ta buskantza berotan* (cuxo equivalente español sería ‘A la ocasión la pintan calva’).
- **Bertsolarismo:** garda moitas semellanzas cos *bertsos* vascos. Moitos refróns están compostos de dúas partes que posúen algún tipo de separación e as dúas contan co mesmo número de sílabas e riman; por exemplo, *Zor zarra, zor txarra* (en español, ‘No hay cosa más pesada que una deuda recordada’) (Garate 1998: 59).
- **Brevidade:** tras comparar refróns de nove idiomas diferentes, Garate concluíu que o euskera é o rei da brevidade (Garate 1998: 63). Encontrámonos con numerosos refróns de dous constituíntes (*atzerri, otserri*),⁴ así como de tres (*zozoak beleari ipurbeltz*)⁵ e de catro (*joandako urak indarrrik ez*).⁶ Esta característica pode gardar relación co feito de que nos refróns vascos sexa posible prescindir do verbo, tal e como ocorre nos tres exemplos que acabamos de mencionar. En opinión de Garate (1997: 270), se os refróns vascos non son breves, adoita ser por influencia doutras linguas. Por este motivo critica as obras doutros e doutras paremiólogos.

⁴ Literalmente, en castelán, ‘el extranjero [es] país de lobos’. No dicionario *Elhuyar* que se mencionará máis adiante, nun dos exemplos da entrada de *atzerri* aparece, xustamente, este refrón en euskera. Proporciónase a seguinte tradución en español: ‘pueblo extranjero, pueblo de lobos’.

⁵ Literalmente, en castelán, ‘el mirlo [le dice] al cuervo, culinegro’. Esta unidade tamén aparece no dicionario *Elhuyar*, pero marcada como locución. O dito dicionario proporciona os seguintes equivalentes en español: ‘¡mira quién habla!; ¡mira el otro!; ¡quién fue a hablar!’.

⁶ Literalmente, en castelán, ‘el agua que se ha ido no [tiene] fuerza’. Garate proporciona o seguinte equivalente nesa lingua: ‘A burro muerto, la cebada al rabo’.

- Fixación: xa vimos na definición que proporciona Garate que os refráns son unidades fixas, pero hai factores que, segundo o autor, relativizan a dita fixación. Por unha banda, dependendo de como se usen e de como se entendan, os refráns poden sufrir cambios (Garate 1998: 56). Pola outra, as mudanzas na sociedade tamén se reflicten na lingua: «Artzak, otsoak, lehengo tresneria, ohitura eta lan zaharrak oraingo atsoitizetan bakan agertzen dira. Bizimodu berriak, aldiz, esaera berriak sortarazten ditu» (1998: 56). Poñéndomolo en galego: «Xa apenas se fai mención nos proverbios a osos, lobos, ferramentas que se utilizaban outrora e costumes e traballos que xa non se realizan. As novas formas de vida dan lugar a novos ditos».

3.3. Delimitación dos diferentes tipos de UF

Un tema que se trata brevemente en Azkue (1945: 9) é a necesidade de diferenciar os refráns das locucións. Segundo indica o autor, esa problemática tratouse máis tarde ca noutras linguas. A diferenza reside en que os refráns, en contraste coas locucións, proporcionan unha ensinanza.

Garate (1998: 20) sinala que, no libro de Intza (1974), mestúranse refráns e locucións e inclúe tres exemplos destes últimos. Un é *aitsu ttu berriak*, que literalmente, en castelán, significa ‘ha escuchado los suyos’ e cuxo significado fraseolóxico sería ‘recibir una reprimenda’. Intza recolleu tamén algunhas adiviñas, como, por exemplo, a número 2487: *Beti aterbean eta beti busti, zer ote da? Mihia* (en castelán, ‘Siempre a cubierto y siempre mojado, ¿qué es? La lengua’).

Zavala é igualmente consciente da diferenza entre as locucións e as paremias (1985: 8). Coñecía o labor de recompilación de locucións que neses momentos estaba a realizar Mokoroa e é por iso que non incluíu locucións no seu libro.

Do mesmo xeito que os demais autores, Garate incide na diferenza que hai que establecer entre os refráns e as locucións. Para denominar estas últimas, utiliza termos en diferentes linguas: *erramolde*, *esamolde*, *idiom*, *proverbial phrases*, *Redensarten*. Engade que non proporcionan ensinanzas, pero que funcionan como moldes perfectos (1998: 20). No canto de calquera outra palabra, utilízanse estas por representar moldes especiais para expresar determinadas cuestións. Malia ser consciente da diferenza entre refráns e locucións, tal e como fixo Azkue na recompilación de locucións (véxase a sección 4), Garate tamén incluíu algunha que outra locución na súa obra, así como algúns rezos e burlas que se utilizaban na nenez (1998: 21).

3.4. Organización e microestrutura das entradas

Azkue reflexiona acerca da forma de presentar e de ordenar todos estes refráns. En vez de incluílos de forma desordenada, tal e como fixeron outras autorías, en palabras do propio Azkue (1945: 28), este propón nove seccións e os refráns que se inclúen dentro de cada

sección ordénanse alfabeticamente. As seccións tratan sobre persoas, sobre animais ou sobre outros seres vivos, estados de ánimo, partes do corpo, fenómenos meteorolóxicos, a casa, os pobos, e o tempo. O último apartado dedícallo a «outros».

Na Figura 1, podemos ver un exemplo extraído da obra de Azkue. Trátase dun refrán da primeira sección e, dentro desta, da subsección dedicada a refráns que inclúen nomes de deuses ou de santos. Neste caso en particular, proporciónase o equivalente en español ('El hombre propone y Dios dispone') do refrán en euskera (*Gizonak asma, Yainkoak xeda*). Porén, noutras ocasións, á falta dun fraseoloxismo equivalente, inclúese a tradución literal española do refrán vasco, con breves aclaracións.

Figura 1. Exemplo de refrán da obra de Azkue

28 *Gizonak asma, Yainkoak xeda*. El hombre propone y Dios dispone (L).

Os máis de dous mil refráns da obra de Intza ordénanse por pobos (e estes, á súa vez, en orde alfabética), o que, en opinión de Garate (1998: 83), dificulta moito a busca. Tal e como se pode observar na Figura 2, en primeiro lugar, indícase o número do refrán, seguido do refrán en euskera. Nalgúns refráns (como no número 2482 da Figura 2), recóllese tamén unha explicación que serve para contextualizalo. O autor indica de maneira explícita variantes do refrán recollidas en Oihenart, como se pode observar no refrán 2485 da seguinte figura:

Figura 2. Exemplo de refrán da obra de Intza

2482. *Urak emana, urak eraman*. Esne-saltzaleak, esnari ura nasiz, erosi zuen mantaliña; ta zubia igarotzean, aize-boladak urera eraman. Orduan arek esan; *Urak emana urak eraman*. Olako kontu bat, ikus Larraun-go esaeren artean.

2483. *Urrungo eltziak urrez, etxia (etxera) ta batez* (bat ere ez).

2481. *Xakur mehia, dena kukuso*.

2485. *Xakurrak min duen lekura mihia*. Oihenart-ek polikiago: «Horak (zakurrak) non mina, han mihia» (249).

Consonte o mesmo criterio ca Rodríguez Marín na súa obra de 1926, Zavala tamén os recolleu en orde alfabética. Tal e como se pode observar na Figura 3, tras o número correspondente da entrada (neste caso, o número 6), fornécenos o refrán en euskera (*Abendoa heze eta hotz, etxeko nausia udan botz*; literalmente, en castelán, 'diciembre húmedo y frío, el jefe de la casa contento en verano'). Ao final, inclúese outro número como indicador da fonte (130). As fontes aparecen recollidas ao termo de cada tomo.

Figura 3. Exemplo de refrán da obra de Zavala

6. Abendoa heze eta hotz, etxeko nausia
udan botz.¹³⁰

Os refráns vascos e españois de Garate ordénanse «unter alphabetisch geordnete Hauptbegriffe» (Garate 1998: 83), ou sexa, identifícase o termo principal —como pode ser «consello» (*aholku*) no exemplo da Figura 4— e os devanditos termos ordénanse alfabeticamente.

Figura 4. Exemplo de refrán da obra de Garate

318 {AHOLKU} ► Kontseillu ona, urre ona. ⓐ 1119 ⓘ
1431

A unidade da Figura 4 correspóndelle ao refrán vasco número 318, cuxa idea principal é a de consello. Despois, temos o refrán en euskera: *Kontseillu ona, urre ona*. O primeiro número rediríxenos ao refrán español (G) 1119 (‘No desdeñes consejo, aunque seas muy sabio y viejo’) e o segundo, ao refrán inglés (I) número 1431 (*Good counsel has no price*).

4. Coleccións e dicionarios de locucións

Izagirre (1981: VIII) subliña a importancia de Zamarripa (1913) e de Azkue (1945) polo seu labor na recompilación e clasificación das locucións, algo que entón non era tan común. Anos máis tarde, nas xornadas sobre fraseoloxía vasca organizadas por Euskaltzaindia en homenaxe a Mokoroa (2001), destaca o labor de Azkue, de Izagirre e do propio Mokoroa polos seus traballos verbo das locucións vascas (Lekuona 2001: 19). Dada a relevancia das obras, neste artigo describíranse os traballos de Zamarripa (1913), de Azkue (1945), de Izagirre (1981) e de Mokoroa (1990).

4.1. Denominación das UF

Segundo o persoal responsable do proxecto Intza,⁷ Zamarripa foi dos primeiros en profundar, a nivel teórico, nas locucións vascas. Os resultados desa análise publicáronse en 1913 no *Manual del vascófilo: libro de modismos, onomatopeyas, elipsis, uso distinto de la S y la Z y otras cosas que conviene saber para hablar y escribir bien en vascuence vizcaíno*. Tal e como se pode extraer do título, o autor bota man do termo *modismo*.

A sección de locucións da obra de Azkue está formada por unha breve introdución de catro páxinas e unhas 2000 locucións ordenadas por palabras chave (en máis de cen páxinas). Na introdución, Azkue fai, en primeiro lugar, unha reflexión terminolóxica.

⁷ <https://intza.armiarma.eus/>

Tras mencionar a necesidade de diferenciar os refráns das locucións, afirma que a palabra máis adecuada para facer referencia ao que en castelán se coñece como *modismo* é *esakera*, aínda que haxa outras que tamén se utilizan, como *esanera* o *esaera*.

Tal e como se pode deducir do título da obra, Izagirre creou un dicionario de locucións vascas cos seus correspondentes en español e francés. Para compilar o corpus que utilizou para extraer as locucións valeuse de libros de autores clásicos, libros de *bertsos*, cancioneros e coleccións de locucións previamente publicadas.

O libro de Mokoroa é o resultado de moitos anos de traballo. Está composto de dous tomos e na introdución xustifica a elección do termo *locución*. Segundo o autor, decidiu utilizar ese termo (e non outros como *modismo* ou *xiro*) tras a visita que recibiu en 1952 de «D. Julio Casares, el insigne Secretario de la Real Academia Española» (1990: 22).

Na Táboa 2 recóllese a metalinguaxe utilizada en referencia ás UF nas obras sobre locucións analizadas, así como o total de locucións incluídas.

Táboa 2. Metalinguaxe das locucións nas obras analizadas e o número total de locucións

	Denominación ES	Denominación EU	Outras denominacións	Total exemplos
Zamarripa (1913)	modismo			Non se especifica.
Azkue (1945)	modismo (modismólogo)	esakera (esakeralari)	esanera esaera	Aínda que non se enumeran, segundo Azkue, recompilou ao redor de 2000 modismos.
Izagirre (1981)	locución	lokuzio	esakuntza Denominacións para as paremias: esaldi proverbial, esaera, atsotitz, errefrau	Non se especifica.
Mokoroa (1990)	locución		fraseoloxía Denominacións para as paremias: refrán	92 167

4.2. Características das locucións

Na obra de Zamarripa, non encontramos ningunha definición, pero na introdución faise referencia ao carácter idiomático destas unidades. O autor alude ao feito de que é necesario coñecer o significado fraseolóxico de certos modismos para podelos traducir a outro idioma, xa que non se pode facer literalmente. O exemplo que inclúe é o dun enunciado fraseolóxico vasco: *Bai, zera!* (literalmente, en castelán, ‘¡Sí, aquello!’), cuxo modismo equivalente, segundo Zamarripa (1913: VI), sería ‘¡como [*sic*] no!’. Ademais da introdución, a obra de Zamarripa conta con 21 capítulos e neste artigo mencionáranse as seccións máis relevantes, tendo en conta os obxectivos que se perseguen: «Modismos vizcaínos traducidos al castellano», «Modismos de vocablo repetido», «Modismos de énfasis», «Sustantivos cuasi-modismos» e «Adjetivos cuasi-modismos».

Na sección «Modismos vizcaínos traducidos al castellano», recompílanse diferentes tipos de unidades. Á parte de locucións como a que constitúe a Figura 5, tamén encontramos, por exemplo, enunciados fraseolóxicos (*esatea be!*, ‘¡eso, ni pensar!’ en castelán), adverbios formados por unha única palabra (*ezustean*, ‘impensadamente’) ou conectores (*ganera*, ‘además’ en castelán).

A repetición de palabras adquire importancia na sección «Modismos de vocablo repetido». Tal e como indica Ibarretxe-Antuñano (2006: 151) nun traballo onde analiza as palabras onomatopeicas vascas, a reduplicación é un recurso moi estendido na lingua vasca que pode servir para expresar, entre outros, un uso enfático ou un significado distributivo. Zamarripa identificou outros significados que se poden derivar desta reduplicación. Aquí simplemente se mostrarán algúns exemplos deste tipo de modismos que Zamarripa clasifica en dez apartados. Trátase de unidades compostas por dous elementos que se repiten e que, dependendo do sufixo, adquiren un significado determinado. No sexto apartado deste capítulo, Zamarripa inclúe modismos compostos pola concatenación de dous substantivos que se repiten; o primeiro, co sufixo *-en* e o segundo, co sufixo *-z*. En castelán, tradúcense por ‘a fuerza de’, ‘de puro’, ‘de tanto’. Por exemplo, na oración *Ango ormak kedarratuta dagoz keiaren keiaz* —en castelán, ‘Las paredes de allí están ennegrecidas (hollinadas) de tanto humo’—, temos o modismo de vocábulo repetido *keiaren kez* (en castelán, ‘de tanto humo’), composto polo substantivo *ke* (‘humo’) e os sufixos *-en* e *-z* (1913: 83).

No apartado «Modismos de énfasis», o cal inclúe once subapartados, recompílanse construcións con valor enfático. A inclusión dalgúns dos modismos dentro da fraseoloxía é dubidosa, pero o resultado xeral resulta, canto menos, interesante, xa que non son as construcións que se recollen nos dicionarios xerais e si moi propias da lingua vasca. Poñamos, por exemplo, o que menciona Zamarripa (1913: 88) no apartado segundo desta sección: «Una frase cualquiera enfática también y compuesta de verbo *izan* conjugado, sujeto y predicado, pero teniendo por predicado un adjetivo precedido de substantivo con sufijo de genitivo, se traduce con “qué... más”». Velaquí algúns dos exemplos que propón o autor: *¡Au da gizonaren txarra!* (‘¡Qué hombre más malo es este!’) o *¡Au da andrearen zoroa!* (‘¡Qué mujer ésta más loca!’).

A maioría de cuasimodismos incluídos nos apartados «Sustantivos cuasi-modismos» e «Adxetivos cuasi-modismos» están compostos por «uno o máis vocablos y sufixo o sufixos que equivalen a preposición» e pódense traducir por un simple sustantivo (Zamarripa 1913: 97) ou adxectivo. Trátase de palabras compostas ou de palabras lexicalizadas que se recollen nos dicionarios actuais a modo de entradas; por exemplo, *beturreko* ('lentes'), *euritako* ('paraugas'), *eskupeko* ('propina') ou *azkeneko* ('último', 'derradeiro').

En Azkue, recompílanse diferentes tipos de locucións. Sirvan como exemplo as seguintes: *zerbait katilupean eduki* ('no lo callará largo tiempo') (1989: 256); *norbaiti kristorenak aditu* ('le ha cantado la cartilla') (1989: 259). Non obstante, tamén achamos unidades de nivel oracional. Algunhas son construcións con constituíntes fixos e celas baleiras, como, por exemplo: *¡Zer Patxi ta Patxi oste!* ('¡Qué Paco y ocho cuartos!') (1989: 318), cuxa construción sería [Zer X ta Y oste]. Así mesmo, achamos locucións constituídas por unha única palabra: *oraingoz* (en castelán, 'por agora') etc..

Izagirre ordena as locucións da súa obra baseándose nunha clasificación propia. De acordo coa tal taxonomía, nun primeiro nivel, encóntranse as locucións expresivas (*adierazkorrak*) mais as de enlace (*loturazkoak*). Afonda, sobre todo, nas primeiras, que distingue en nominais, adxectivas, verbais, adverbais, pronominais e exclamativas. Canto ás locucións nominais, Izagirre indica (1981: XXXVII) que algunhas nominalizacións incluídas no dicionario parécense a frases proverbiais (*esaldi proberbial*), tales como *zozoak beleari ipurbeltz*.⁸ Dentro das locucións expresivas adxectivas, obsérvanse exemplos de palabras compostas, como *ahobero* (composta polas palabras *boca* e *quente*; 'charlatán' en castelán) ou *amazulo* (composta polas palabras *nai* e *buraco*; 'enmadrado' en lingua castelá). Na explicación das locucións verbais, indícase que algunhas padecen certas restricións, no senso de que só permiten o seu uso como oracións negativas (*txintik ez atera*; en castelán, 'no decir ni mu'). Neste apartado, tamén se atende á variación. Izagirre indica, por exemplo, que algunhas locucións verbais permiten a utilización de varios verbos. Nos numerosos exemplos que proporciona, esta variación tamén se observa noutros elementos das locucións. No seguinte caso, por exemplo, o que pode variar é o sustantivo: (*neureak, heureak, bereak...*) *eta ardi/asto beltzarenak aditu* (en castelán, literalmente, 'oír (las mías, tuyas, suyas...) y las de la oveja / burro negro'). Izagirre menciona que incluíu algunhas locucións con función adverbial cuxo segundo compoñente se repite en diferentes locucións. Por exemplo, incluíu as seguintes locucións: (*arrantza, negar, izerdi...*) *batean*. O equivalente en español de *batean* sería 'a todo...': 'a todo llorar' (*arrantza/negar batean*), 'a todo sudar' (*izerdi batean*).⁹

⁸ Un posible equivalente en español sería 'Vemos la paja en el ojo ajeno, y no vemos la viga en el nuestro'.

⁹ Ejemplos coma este representan casos interesantes para estudalos como construcións fraseolóxicas desde a perspectiva da Gramática de Construcións (López Meirama 2020).

No seguinte fragmento, extraído de Mokoroa (1990: 22), menciónanse algunhas características destas unidades:

¿Qué traté de registrar en esos cuadernos?... Por regla general, todo tipo de expresiones características del euskera que, además de hacer de él instrumento de más íntima compenetración para quienes se criaron en su ambiente, constituyen valiosos elementos estilísticos para dotar al lenguaje usado de especial viveza y colorido, gracia o energía.

No entanto, na sección de «Advertencias», o citado autor indica que decidiu incluír algúns refráns (1990: 78):

¿Prescindir de todos? ¿Acoger algunos? Al fin se optó por admitir los más útiles para el objeto de la obra. Pero los refranes, por lo común, tienen largo alcance y les corresponderían diversas Categorías de conceptos... Pareció más práctico incluir cada uno en el grupo a que correspondiese su término principal; y omitir su aclaración, por regla general.

Menciona o seguinte exemplo, extraído de Intza (1974): *Zuzen ibilli nai duenak egunetz ibilli bear* (en castelán, literalmente, ‘el que quiere andar recto, tiene que andar de día’).

Isto non desmerece o inxente traballo do autor, que recompilou case 100 000 locucións. Tal e como indicaba Esnal (2001), subliñando tamén o gran valor deste traballo, o termo *unidade fraseolóxica* pode ser un termo máis abrangente que denomine todas as unidades que se recollen nos dous tomos de Mokoroa. Esnal (2001: 139), cando alude á clasificación de Corpas Pastor, indica que na obra de Mokoroa non só se inclúen locucións, senón tamén unidades pertencentes a outras esferas propostas pola antedita autora. Ademais, tamén se inclúen na obra unidades que non representan aquelas fraseolóxicas porque carecen dalgunhas características fundamentais como a frecuencia de uso, a institucionalización ou a fixación (2001: 141). Polo tanto, segundo Esnal (2001: 140), Mokoroa fixo todo o que estaba nas súas mans. O que quedaba por facer era traballar ese legado, para o que clasifica as unidades fraseolóxicas recompiladas e diferencia as locucións doutro tipo de unidades fraseolóxicas. Ademais, indica que nos dicionarios creados ata a data non se adoitaba incluír locucións. Estas recollíanse, máis ben, nas coleccións de refráns, onde aparecían mesturados xunto a proverbios, adiviñas ou cancións.

4.3. Delimitación dos diferentes tipos de UF

Son Azkue e Izagirre os que fan unha distinción explícita entre locucións e refráns e é en Izagirre onde encontramos unha teorización máis profunda. Segundo o autor, os refráns son sentenzas, ensinanzas, consellos. Oracións independentes que unen, polo menos, dúas ideas e que, acotío, prescinden do verbo. Así, pode ocorrer que os refráns, ao estaren constituídos por dous ou máis elementos, sirvan de canteira para as locucións (1981: IX). Por exemplo, a locución *bertzeren buruko zorria ikusi* (en castelán, literalmente, ‘no ver el piojo de la cabeza de los demás’) ten relación co refrán *bertzeren buruko zorria dakusa, eta ez bere lepoko xerria* (cuxo equivalente en español sería ‘Vemos la paja

en el ojo ajeno, y no la viga en el propio’). As locucións, pola súa parte, non constitúen oracións independentes e non transmiten ningunha mensaxe nin ningunha orde (1981: IX). Con todo, confírenlle expresividade e intensidade ao que dicimos (1981: XVIII).

4.4. Organización e microestrutura das entradas

A estrutura que se segue para presentar os modismos do primeiro capítulo («Modismos vizcaínos traducidos al castellano») é a que se pode observar no exemplo da Figura 5. En primeiro lugar, preséntase o modismo en euskera (neste caso, *abo-betekoak entzun*). Despois, atopámonos co equivalente ou coa definición en castelán (‘oir perrerías’; ‘cuanto se puede oír’), proseguido dunha oración en euskera coa súa tradución ao castelán onde se utiliza o modismo en contexto: *Bera be bazan baten bat, baña abo-betekoak entzun zituzan* (‘Él también era algo extravagante, pero oyó cuanto se puede oír’). Nalgúns casos, como neste exemplo en concreto, inclúese algunha variante do modismo (*abo-betekoak esan*, ‘decir perrerías’) ou algún outro comentario. Na direccionalidade contraria («Modismos castellanos traducidos al vizcaíno») non se inclúen exemplos.

Figura 5. Exemplo de modismo biscaíño traducido ao castelán en Zamarripa

Abo-betekoak entzun, oir perrerías, cuanto se puede oir.
 Bera be bazan baten bat, baña abo-betekoak entzun zituzan.
 El también era algo extravagante, pero oyó cuanto se puede oir.
 Por el mismo estilo, *abo-betekoak esan* equivale a «decir perrerías», «decir cuanto se puede decir (de malo)».

A diferenza dos proverbios, Azkue ordena os modismos «conforme al orden de vocablos castellanos» (1945: 236). Non sempre se segue a mesma estrutura nin se inclúe a mesma información, pero no exemplo da Figura 6 proporciónanse os seguintes datos: a palabra clave en español («Amar»), o significado fraseolóxico en español do modismo en euskera («amar locamente»), o modismo en euskera (*begi-hezuía bezain maite izan*), a fonte entre parénteses e o significado literal en español do modismo en euskera («amar tanto como el hueso del ojo»).

Figura 6. Exemplo de locución da obra de Azkue

Amar. Amar locamente, *begi-hezuía bezain maite izan* (BN); liter.: amar tanto como el hueso del ojo.

En Izagirre, as locucións están ordenadas por seccións segundo a clasificación de seu e estas, á súa vez, seguen a orde alfabética. Cada entrada estrutúrase do xeito a continuación indicado, tal e como se pode observar, a modo de exemplo, na Figura 7: a forma da locución (*ahuntzaren gauerdiko puzkerra*), a locución en contexto (*ire errana, ta auntzen gauerdiko puzkerra, biak igual*), a fonte (nap esa 1607), o significado


(*baliorik gabeko gauza edo persona*, ‘cosa o persona sin valor’) e os equivalentes en español («la carabina de Ambrosio») e en francés, no caso de que os houber. Ao final da obra, inclúense as locucións vascas, españolas e francesas, pero esta vez sen contexto e organizadas segundo as ideas que representan (1981: 30).

Figura 7. Exemplo de locución da obra de Izagirre

AHUNTZEN GAUERDIKO PUZKARRA
ire errana, ta auntzen gauerdiko puzkerra,
biak igual.
(nap esa 1607)
BALIORIK GABEKO GAUZA EDO PER-
TSONA
la carabina de Ambrosio

Para ordenar as 92 167 locucións, Mokoroa seguiu a recomendación de Casares e, tal e como se desprende do título, valeuse da clasificación de categorías e de conceptos proposta por Pinloche e Brunot, «operación como se comprende, costosa y un tanto aventurada, pero por demás estimulante» (Mokoroa 1990: 23). Emporiso, a procura non resulta fácil, a non ser que se coñeza ben esta clasificación. Alén diso, pode ocorrer que o individuo usuario da obra non lle atribúa o concepto ou categoría que se lle asigna a unha determinada locución no dicionario. En vista desta dificultade, os e as membros da Labayru Fundazioa publicaron as locucións de Mokoroa en formato CD-Rom e, desde 2005, pódese consultar en Internet no portal de Aprendizaje Permanente del Departamento de Educación del Gobierno Vasco.¹⁰

Figura 8. Exemplo de locución da obra de Mokoroa



162. *Gu biok, txikitan (umetan)' batera*
ibiltzen giñean eskolara... En la niñez.
B - 65 - 56, 59.

No exemplo da Figura 8, incluímos unha locución de Mokoroa que está constituída por unha única palabra: *txikitan*, ou *umetan*. Primeiro, encontramos o número da ficha (162); logo, a oración en euskera coa locución en letra grosa (*txikitan*, ou *umetan*), seguida da tradución ou da aclaración da locución en español («en la niñez»), e, por último, a referencia dialectal (B) e a referencia á fonte (65 - 56, 59).

¹⁰ https://www.hiru.eus/es/hirupedia?p_p_id=indice_WAR_w25cIndexWAR_INSTANCE_BZ1c&p_p_lifecycle=0&p_p_state=normal&p_p_mode=view&p_p_col_id=column-1&p_p_col_pos=1&p_p_col_count=2&indice_WAR_w25cIndexWAR_INSTANCE_BZ1c_action=entrarMokoroa

5. Dicionarios actuais

Nesta sección, incluíronse dous dicionarios monolingües do euskera (o *Euskaltzaindiaren Hiztegia* mais o *Egungo Euskararen Hiztegia*), un dicionario multilingüe (*Elhuyar Hiztegia*) e o único dicionario exclusivamente fraseolóxico (*Labayru hiztegi fraseologikoa*).

5.1. Dicionario da Real Academia da Lingua Vasca (*Euskaltzaindiaren Hiztegia, EH*)

Na primeira versión en papel (2012) deste dicionario, recóllense combinacións de palabras fixas como subentradas das entradas principais, pero non se indica o tipo de unidade en causa; a marca que teñen estas subentradas é a categoría gramatical correspondente. Unha idea importante que se extrae da introdución é a importancia de saber utilizar as palabras que se recollen no dicionario (e non tanto entender o seu contido semántico). É por iso que se teñen en conta as coaparicións de palabras á hora de elaborar as entradas. O exemplo que proporcionan ao respecto é o da palabra *guerra*. En euskera, a palabra *guerra* adoita aparecer co verbo *piztu* (en castelán, ‘encender(se)’) e, nun dos numerosos exemplos da entrada «gerra» do dicionario, encontramos o seguinte: «Handik egun batzuetara, gerra piztu zen» (en castelán, ‘Al cabo de unos días, estalló la guerra’). Na lista de abreviaturas e de símbolos, o único que serve para marcar algún tipo de UF é «*esr. zah.*» (*esaera zaharra*, ‘refrán’).

A segunda versión en papel (2016) conta con case 18 000 entradas máis que a primeira versión. Na presentación do dicionario, hai algunhas referencias á fraseoloxía. Por unha banda, indícase que, nas entradas, xunto á palabra correspondente, inclúense as formas compostas mais as locucións (*esapideak*) relacionadas con ela: «Hiztegi honetan, hitz bat eta harekin loturiko forma konposatu eta esapideak artikulu bakarrean bildu dira» (2016: VIII). Pola outra, indícase que, nos exemplos, inclúense, a miúdo, refráns e que estes levan a marca *esr. zah.*: «Adibideen artean, esaera zaharrak ematen dira askotan, euskararen arimaren osagai garrantzitsuak direlako. Horiek (*esr. zah.*) marka daramate» (2016: VIII).

A versión en liña do dicionario está en continua actualización e, segundo a última consulta, conta con 49 471 formas en total. A procura avanzada permite facer consultas segundo a categoría gramatical. A única categoría directamente relacionada coas UF é *ad.-lok.* (*aditz-lokuzioa*, ‘locución verbal’). A procura das entradas marcadas con esta categoría dá como resultado 2993 formas. No entanto, aínda que só se identifiquen como tal as locucións verbais, o dicionario recolle numerosas unidades fraseolóxicas de forma indirecta, xa que dentro doutras categorías como, por exemplo, interxeccións, conxuncións, conectores ou onomatopeas, tamén achamos UF.

5.2. Dicionario da Lingua Vasca Actual (*Egungo Euskararen Hiztegia, EEH*)

Tal e como se indica na propia páxina web, «es un proyecto que pretende poner en red un diccionario del euskera actual, basado sobre textos en prosa (libros y prensa escrita) escritos en el período 2000-2007, y que han sido seleccionados por su calidad lingüística».¹¹ O resultado da recompilación destes textos en prosa é o corpus *Ereduzko Prosa Gaur* [Prosa de Referencia]. Segundo Sarasola e Landa (2020: 135), as combinacións de palabras que se atopan nalgunhas entradas do *Egungo Euskararen Hiztegia* están extraídas deste corpus. Tal e como se indica na páxina web do dicionario, a partir do ano 2023, tamén utilizan o Corpus de Referencia del siglo XXI (ETC), para reflectir un uso da lingua o máis actual posible.

Ademais das definicións, as entradas inclúen exemplos e grupos de palabras (*hitz multzoak*) de dous ou tres elementos que se repiten unha e outra vez. En xaneiro de 2024, o dicionario contaba con 639 044 grupos de palabras. Se, por exemplo, buscamos a palabra *gerra*, anteriormente mencionada, atopamos a súa definición, seguida de sete combinacións de palabras, na que unha delas é a mencionada anteriormente: *gerra piztu*. Ademais, a palabra *gerra* está enlazada a outra páxina onde podemos ver as ocorrencias da palabra e as combinacións de palabras nos devanditos corpus.

5.3. Dicionario *Elhuyar*

A primeira edición deste dicionario (*Elhuyar hiztegia. Euskara-gaztelania, castellanovasco*) publicouse en 1996 e, desde entón, non deixou de se actualizar. A versión en liña, accesible para toda persoa que o quixer consultar, figura entre os recursos lingüísticos para o euskera máis consultados (Sagarzazu 2023: 169), e é que, en 2023, superou os 60 millóns de consultas, conforme indica a propia Elhuyar Fundazioa.¹²

Na versión en liña deste dicionario multilingüe, as unidades que se distinguen e que se marcan son as *lexías* e as locucións. As *lexías* inclúen as combinacións «substantivo + substantivo» (por exemplo, *ore ama*, ‘masa madre’) e «substantivo + adxectivo» (*adimen artifizial*, ‘inteligencia artificial’). Dentro das locucións, neste dicionario inclúense locucións adverbiais, como *esate baterako* (‘por exemplo’), e locucións verbais, como *negar egin* (‘llorar’). Ademais, téñense en conta as unidades formadas por máis dunha palabra, como as que acabamos de mencionar, pero tamén as unimembres, tales como *umetan* (‘en la niñez’) ou *eskura* (‘a mano’). Á falta dunha análise máis exhaustiva das locucións deste dicionario, obsérvase que se inclúen algunhas unidades de nivel oracional como, por exemplo, o refrán *zozoak beleari ipurbeltz* (‘¡mira quién habla!’) ou o enunciado fraseolóxico *Bai, zera!* (‘¡sí, hombre!’), mencionados ambos os dous

¹¹ <https://www.ehu.eus/es/web/eins/egungo-euskararen-hiztegia-eeh>

¹² <https://www.elhuyar.eus/es/sala-de-prensa/el-diccionario-elhuyar-supera-los-60-millones-de-consultas#:~:text=El%20Diccionario%20Elhuyar%20ha%20superado,web%20han%20aumentado%20un%209%20%25>

na subsección 4.2. Actualmente,¹³ o dicionario conta con 5650 locucións en euskera e, dentro destas, 1249 están formadas por unha soa palabra.

5.4. Dicionario fraseolóxico *Labayru* (*Labayru hiztegi fraseologikoa*)

No ano 2015, saíu á luz, en formato en liña, o dicionario fraseolóxico euskera-castelán da Labayru Fundazioa. Trátase do único dicionario exclusivamente fraseolóxico deste século. Tal e como se pode ler na súa páxina web,¹⁴ a Labayru Fundazioa naceu en 1977 e, desde aquela, traballou en varios ámbitos, un deles o lexicográfico, co obxectivo de fomentar, de investigar e de dar a coñecer a cultura e a lingua vascas. Dese labor lexicográfico nace, por un lado, o dicionario bilingüe (euskera-castelán, castelán-euskera) editado en dous tomos e accesible na rede. O segundo proxecto lexicográfico importante da Fundación é o dicionario fraseolóxico *Labayru hiztegi fraseologikoa*. Nel, recóllense «unidades léxicas de máis de una palabra, que en determinados contextos toman un significado específico. Son recursos lingüísticos expresivos muy utilizados en el lenguaje común. Las correspondencias entre idiomas son diferentes, ya que cada lengua opta por una imagen representativa de la idea a expresar» (Labayru 2015¹⁵). O punto de partida para a selección das unidades fraseolóxicas do dicionario foron as unidades léxicas máis relevantes do castelán. En termos cuantitativos, no documento de axuda que se pode consultar desde a páxina web, indícase que o dicionario fraseolóxico conta con 3500 locucións, con 18 000 equivalencias, con 4500 exemplos e con 1000 sinónimos.

O motor de busca permite procuras simples. Por exemplo, o resultado de introducir a palabra *asto* ('burro') en euskera é 22 ocorrencias. No exemplo da Figura 9, en primeiro lugar, proporciónasenos a locución en euskera (*astoa saldu eta mandoa erosi*). Ao comezo da primeira e única acepción desta entrada, temos dúas marcas: unha gramatical e outra estilística. Indícase que se trata dunha locución verbal (ad. lok.) humorística (hum.). Posteriormente, proporciónanse dous equivalentes en español («salir de Guatemala y entrar en Guatepeor» e «de mal en peor») e a estes séguenlles os exemplos, o primeiro, no dialecto coñecido como biscaíño (bizk.) e o segundo, en *euskera batua*, ou euskera unificado (bat.). A inclusión de ambas as dúas variedades é característica deste dicionario dirixido a «quienes buscan expresarse y comunicarse en un euskera de calidad, vivo y profuso, tanto en dialecto vizcaíno como en euskera batua¹⁶». En último lugar, inclúense sinónimos desta unidade fraseolóxica (sin.) que nos redirixen ás entradas correspondentes.


¹³ Trátase de datos proporcionados por Klara Ceberio Berger con data de 23 de abril de 2024. Agradecemoslle á responsable do dicionario *Elhuyar* a súa axuda e os datos proporcionados.

¹⁴ <https://www.labayru.eus/es/quienes-somos/>

¹⁵ <https://www.labayru.eus/es/project/diccionario/>

¹⁶ <https://hiztegia.labayru.eus/pages/presentacin?locale=es>

Figura 9. Exemplo de locución do dicionario fraseolóxico da Labayru Fundazioa



The screenshot shows a dictionary entry for the Basque phrase "astoa saldu eta mandoa erosi". At the top, there is a dark grey bar with the text "Comentarios y sugerencias" and a pencil icon, and a share icon on the right. Below this, the phrase "astoa saldu eta mandoa erosi" is displayed in bold, with a green circular icon containing the letters "Eu" to its right. Underneath, it is labeled "1 ad. lok. * (hum.)" and "salir de Guatemala y entrar en Guatepeor de mal en peor". Two example sentences are provided: "Banandu zanetik dabil astoa saldu eta mandoa erosi: Desde que se separó va de mal en peor. (bizk)" and "Taberna itxi zuenetik ez du lan egonkorrik lortu, eta hor ari da taller batetik bestera hemen astoa saldu eta han mandoa erosi: No encuentra trabajo estable desde que cerró el bar y va de taller en taller saliendo de Guatemala y entrando en Guatepeor. (bat)". At the bottom, there is a note: "sin zalditik astora (eta astotik lurrera), zalditik astora joan".

Nas entradas do dicionario, ao incluír a marca gramatical, especificase de que tipo de unidade se trata e para iso utilízase o termo *locución*. No documento de axuda, observamos que se utilizan as seguintes marcas: *loc.* ('locución'), *loc. adj.* ('locución adxetiva'), *loc. adv.* ('locución adverbial'), *loc. conj.* ('locución conxuntiva'), *loc. gram.* ('locución gramatical'), *loc. interj.* ('locución interxectiva'), *loc. prep.* ('locución prepositiva'), *loc. pron.* ('locución pronominal'), *loc. s.* ('locución sustantiva'), *loc. s. f.* ('locución sustantiva feminina'), *loc. s. m.* ('locución sustantiva masculina'), *loc. vb.* ('locución verbal') e *loc. fórm.* ('locución/fórmula').

6. Conclusións

Neste artigo, analizouse unha selección de obras fraseográficas que conteñen refráns e locucións vascas e, na mostra analizada de obras do século XX, a variación tanto denominativa como conceptual é evidente. En Azkue (1945), localizamos unha referencia a esta variación terminolóxica: non había consenso respecto do termo que se deba utilizar en euskera para denominar os proverbios. Xa que logo, o autor decidiu empregar a palabra *atsotitz*. Tal e como se mencionou no presente traballo e como se pode observar na Táboa 1, Izagirre (1981), Zavala (1985) e Garate (1998) tamén utilizaron ou mencionaron este termo. Ademais, nesa primeira táboa vese reflectida claramente a variedade terminolóxica á que xa se refería Azkue e que proseguiu en anos posteriores: só nas oito obras analizadas recompilamos 19 termos diferentes. Cómpre destacar que hai un termo (ou algunha variante súa) que aparece nas catro obras paremiográficas: *esaera zahar*.

Algunhas das autorías que se estudaron proporcionan características típicas dos refráns, o cal serve para definir o termo. Azkue (1945), Izagirre (1981) e Garate (1998) indican que os refráns transmiten algún tipo de ensinanza ou de consello. Ademais, Garate (1998: 56) menciona un aspecto ben importante: a relatividade da fixación que se lles adoita atribuír ás unidades fraseolóxicas en xeral. No tocante á estrutura, Izagirre (1981) indica que forman oracións independentes, a pesar de que adoite omitir o verbo.

No que ten a ver coas locucións, podemos considerar a Zamarripa autor pioneiro na caracterización e na teorización das locucións vascas. Este denominounas *modismos*, Azkue (1945) utilizou o termo *esakera* en euskera e *modismo* en español e, en Izagirre (1981) e Mokoroa, (1990) achamos o termo *lokuzio* ou *locución*. Izagirre definiunas como unidades que non constitúen oracións independentes e que lle confiren expresividade e intensidade ao que dicimos. Aínda sendo fixas, admiten variación e presentan certas restricións.

Se compararmos as táboas 1 e 2, ademais da variedade terminolóxica mencionada, poderemos observar que hai termos que aparecen nas dúas (*esaera / esanera*), isto é, que se utilizou un mesmo termo para se referir tanto a refráns como a locucións. Ademais, hai algúns termos moi similares entre si (como, por exemplo, os xa aludidos *esaera* e *esanera*, das táboas 1 e 2, e *esakera*, da Táboa 2) que poden crear confusión.

Resulta innegable o inmenso labor realizado polas autorías que se observaron neste artigo e o valor do legado que deixaron supera abondo calquera crítica que se lles puidese facer. Algo que chama a atención é o feito de que, a pesar de seren conscientes da diferenza existente entre o refrán e a locución, nalgunhas das obras analizadas, de forma máis ou menos inconsciente, mestúranse diferentes tipos de unidades fraseolóxicas. Intza incluíu algunhas adiviñas; Azkue (1945) incluíu algunhas construcións na parte correspondente ás locucións; Garate, alén da fraseoloxía, recompilou tamén locucións, rezos e burlas; Zamarripa tampouco se limitou ao estudo dos modismos e Esnal (2001) menciona que sería necesario analizar e clasificar as unidades da obra de Mokoroa (1990), por nomear algúns.

No caso das coleccións de locucións, como as de Zamarripa (1913), as de Azkue (1945), as de Izagirre (1981) e as de Mokoroa (1990), asístese, ademais, á inclusión de construcións fraseolóxicas, algunhas mesmo de nivel oracional, así como á de unidades constituídas por un único elemento. Izagirre, por exemplo, inclúe algunhas palabras compostas dentro das súas locucións expresivas adxectivas e tanto Azkue como Mokoroa inclúen palabras constituídas por un elemento léxico e por un sufixo, propias de linguas aglutinantes coma o euskera, tal e como se expresa na sección 2 (Urizar 2012, Sanz-Villar 2015).

Nos dicionarios actuais, non se observa a mesma tendencia canto á variación terminolóxica; predomina o uso do termo *locución* (*lokuzio* en euskera), do mesmo xeito que sucede na investigación fraseolóxica do euskera actual (véxase a sección 2). Seguindo esa mesma liña, o dicionario *Labayru* utiliza o termo *unidade fraseolóxica* (*unitate fraseologiko*).

O dicionario *EEH*, pola súa banda, opta por un termo máis xeral: *hitz multzo* ('grupo de palabras'). Os dicionarios xerais tamén recollen colocacións, pero non se marcan como tales, dado que adoitan aparecer nos exemplos. O único dicionario que, na súa versión en papel, identifica os refráns é o dicionario da Euskaltzaindia e utiliza para iso o termo *esaera zahar*, o cal, como xa se viu, era o utilizado por todo o persoal paremiólogo analizado neste artigo.

O aspecto que require de maior grao de harmonización é o conceptual, pois non todos eses dicionarios inclúen o mesmo tipo de unidades como locucións. No *Elhuyar*, por exemplo, inclúense os termos formados por unha única palabra ortográfica, así como unidades de nivel oracional. Pola contra, no *Labayru*, tense en conta o trazo da polilexicalidade. Estes dous dicionarios, ao seren multilingües, teñen que lidar con sistemas lingüísticos diferentes, o que dificulta o labor lexicográfico (García Rodríguez 2020: 47) e, neste caso, a categorización de unidades fraseolóxicas. En consecuencia, cómpre pór en valor o traballo realizado na elaboración destes dicionarios, así como o avance dos últimos anos no ámbito lexicográfico do euskera (Sarasola e Landa 2020), principalmente por parte da Euskaltzaindia, da Elhuyar Fundazioa, do Euskara Institutua da EHU e da Labayru Fundazioa.

7. Referencias bibliográficas

- Altzibar, X. (2004). Kolokazioak euskaraz. Zer axola duten kazetaritzan. En M. Arrieta, J. I. Basterretxea, M. Gonzalez, A. Gutierrez Paz, T. Ramirez de la Piscina, I. Torregarai, A. Urkiza e A. Zuberogoitia (Eds.), *Euskarazko kazetaritzaren I. kongresua. Kazetaritza euskaraz: oraina eta geroa* (pp. 383–395). Euskal Herriko Unibertsitatearen Argitalpen Zerbitzuak.
- Altzibar, X.; Bilbao, X. e Garai, K. (2011). Collocations in Basque: a test for classification. En I. Boguslavsky e L. Wanner (Eds.), *Proceedings of the 5th International Conference on Meaning-Text Theory* (pp. 1–12).
- Azkue, R. M. (1945). *Euskalerraren Yakintza. Literatura Popular del País Vasco*. Euskaltzaindia & Espasa Calpe.
- Burger, H.; Dobrovól'skij, D.; Kuhn, P. e Norrick, N. R. (2007). Phraseologie: Objektbereich, Terminologie und Forschungsschwerpunkte. En H. Burger, D. Dobrovól'skij, P. Kuhn e N. R. Norrick (Eds.), *Phraseologie: Ein internationales Handbuch der zeitgenössischen Forschung* (pp. 1–10). Walter de Gruyter.
- Corpas Pastor, G. (1996). *Manual de fraseología española*. Gredos.
- Elhuyar (1996). *Elhuyar hiztegia. Euskara-gaztelania, castellano-vasco*. Elhuyar Fundazioa.
- Elhuyar (s. f.). *Diccionario Elhuyar*. <https://hiztegiak.elhuyar.eu/>
- Euskaltzaindia (2012). *Euskaltzaindiaren Hiztegia*. Euskaltzaindia, Elkar e Elhuyar Fundazioa.
- Euskaltzaindia (2016). *Euskaltzaindiaren Hiztegia*. Euskaltzaindia, Elkar e Elhuyar Fundazioa.
- Euskaltzaindia (s. f.). *Euskaltzaindiaren Hiztegia*. https://www.euskaltzaindia.eus/index.php?option=com_hiztegiabildatu&task=hasiera&Itemid=1693&lang=eu-ES
- Garate, G. (1998). *27.173 Atsotitzak, Refranes, Proverbs, Proverbia*. BBK Fundazioa.
- García Rodríguez, J. (2020). La fraseografía bilingüe en español-catalán y otras lenguas: del papel al formato electrónico. *Círculo de Lingüística Aplicada a la Comunicación*, 85, 141–152.

- Gurrutxaga, A. (2014). *Idiomatikotasunaren karakterizazio automatikoa: izena+aditza konbinazioak* [Tese doutoral, Euskal Herriko Unibertsitatea]. https://www.euskara.euskadi.eus/appcont/tesisDoctoral/PDFak/Antton_Gurrutxaga_TESIA.pdf
- Ibarretxe-Antuñano, I. (2006). Estudio lexicológico de las onomatopeyas vascas: El Euskal onomatopeien hiztegia: Euskara-Ingelesera-Gaztelania. *Fontes linguae vasconum: Studia et documenta*, 38(101), 147–162.
- Intza, D. (1974). *Naparroako euskal-esaera zarrak*. Institución Príncipe de Viana.
- Iñurrieta, U. (2019). *Aditza+izena unitate fraseologikoak gaztelaniatik euskarara: azterketa eta tratamendu konputazionala* [Tese doutoral, Euskal Herriko Unibertsitatea]. https://www.ix.a.eus/sites/default/files/dokumentuak/12940/Tesia_euskaraz.pdf
- Izagirre, K. (1981). *Euskal lokuzioak. Espainolezko eta frantsesezko gida-zerrendarekin*. Hordago.
- Kaltzakorta, X. (2001). Euskal fraseologia: historia, oinarria. *Euskera*, 46(1), 73–87.
- Labayru (2015). *Labayru hiztegi fraseologikoa*. <https://hiztegia.labayru.eus/ED?locale=eu>
- Lekuona, J. M. (2001). Euskal fraseologia. Aita Justo Maria Mokoroari bere mendemugaren hasieran ongi etorria eta sarrera-hitzak. *Euskera*, 46(1), 17–20.
- López Meirama, B. (2020). [A todo + inf]: Velocidad e intensificación en una construcción fraseológica del español. *Romanica Olomucensia*, 32(1), 91–110.
- Mellado, C. (2004). *Fraseologismos somáticos del alemán*. Peter Lang.
- Mokoroa, J. M. (1990). *Ortik eta emendik: repertorio de locuciones del habla popular vasca, oral y escrita, en sus diversas variedades*. Labayru.
- Nam, K.; Song, H. e Choi, J. (2016). A morpheme-based analysis of lexical bundles in Korean: an interface between corpus-driven approach and lexicography. *Lexicography*, 3, 39–62.
- Sagarzazu, E. (2023). Perla bila: hizkuntza baztertzaila Elhuyar Hiztegian. *Senez*, 54, 169–180.
- Sanz-Villar, Z. (2015). *Unitate fraseologikoen itzulpena alemana-euskara. Literatur testuen corpusean oinarritutako analisisa* [Tese doutoral, Euskal Herriko Unibertsitatea]. <https://addi.ehu.es/handle/10810/15128>
- Sanz-Villar, Z. (2020). An Analysis of Basque Collocations Formed by Onomatopoeia and Verbs in a Translational Corpus of Literary Texts. En E. Piirainen, N. Filatkina, S. Stumpf e C. Pfeiffer (Eds.), *Formulaic Language and New Data* (pp. 79–99). Walter de Gruyter.
- Sarasola, I. e Landa, J. (2020). Euskararen konbinazio hiztegi baterako. En I. Laka (Ed.), *Hitzak sarean. Pello Salabururi esker onez* (pp. 130–136). Euskal Herriko Unibertsitatearen Argitalpen Zerbitzuak.
- Urizar, R. (2012). *Euskal lokuzioen tratamendu konputazionala*. [Tese doutoral, Euskal Herriko Unibertsitatea]. https://www.euskadi.eus/appcont/tesisDoctoral/PDFak/Ruben_Urizar_TESIA.pdf
- Zamarripa, P. (1913). *Manual del vascófilo: Libro de modismos, onomatopeyas, elipsis, uso distinto de la S y la Z y otras cosas que conviene saber para hablar y escribir bien en vascuence vizcaíno*. Wilsen Editorial.
- Zavala, A. (1985). *Esaera zaarren bilduma berria (I eta II)*. Auspoa.